



XOVES, 12 DE MAIO DE 2022 | JUEVES, 12 DE MAYO DE 2022 | BOP NÚMERO 90

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### CEDEIRA

*Bases reguladoras do procedimento de selección de persoal laboral temporal a tempo completo, a contratar ao abeiro do programa de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia (PEL Concellos)*

#### ANUNCIO

Mediante a Resolución de Alcaldía número 233/2022 de 06 de maio de 2022 foron aprobadas as seguintes Bases reguladoras do procedemento de selección de persoal laboral temporal a tempo completo, a contratar ao abeiro do Programa de Integración laboral mediante execución de obras e servizos mínimos municipais subvencionado pola Deputación Provincial da Coruña. Programa PEL-Concellos 2022.

#### **BASES REGULADORAS DO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL A TEMPO COMPLETO, A CONTRATAR AO ABEIRO DO PROGRAMA DE AXUDAS Á CONTRATACIÓN DE PERSOAL PARA A EXECUCIÓN DE OBRAS E SERVIZOS MUNICIPAIS NOS CONCELLOS DA PROVINCIA (PEL CONCELLOS) 2022**

#### **1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.**

O obxecto desta convocatoria é a contratación laboral temporal de ata 4 peóns, ao abeiro da Resolución 2022/2283 de data 14 de xaneiro e modificada pola Resolución número 2022/4734 de 25 de xaneiro (publicadas no BOP nº 18 do 27 de xaneiro) do Programa de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia (liña 1.1 PEL-CONCELLOS 2022)

Na Resolución número 2022/12578 de data 10/03/2022, publicada no BOP número 50 de 15/03/2022 se aproba a concesión de subvencións correspondentes á convocatoria do Programa de axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia (liña 1.1 PEL-CONCELLOS 2022) e que, se lle concedeu a este concello subvención por importe de 43.000€.

As tarefas a realizar serán as seguintes:

Tarefas de conservación, limpeza, protección e mantemento de zonas e obras públicas e espazos naturais municipais, parques públicos, cementerio, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas así como as relativas ao alumeadoo público.

#### **2. - DURACIÓN DOS CONTRATOS.**

Os contratos terán unha duración establecida de 6 meses e serán por xornada semanal a tempo completo, que se prestarán en horario que se distribuirá segundo as necesidades e organización do servizo, durante tódolos días da semana, cos descansos semanais que lles correspondan.

#### **3. - RETRIBUCIÓNS.**

As retribucións dos citados postos de traballo serán as establecidas nas táboas salariais do Concello de Cedeira para os postos de “Peóns, Limpadoras, Monitores sen titulación, outro persoal Subalterno, Auxiliar de Axuda no fogar e outros non titulados” para o exercicio 2022.

#### **4. - XORNADA LABORAL.**

A xornada laboral será de 37,5 horas de promedio en cómputo semanal, de acordo co establecido no convenio colectivo en vigor.

#### **5. REQUISITOS DOS ASPIRANTES.**

**5.a) Requisitos xerais.**- Serán requisitos xerais mínimos dos aspirantes a estas contratacóns os seguintes:

1.- Ter a nacionalidade española, ou ser nacional doutros Estados, conforme ao establecido nos artigos 56 y 57 do Estatuto Básico do Empregado Público.

- 2.- Posuér a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- 3.- Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder, no seu caso da idade máxima de xubilación forzosa.
- 4.- Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera administración pública, nin atoparse en inhabilitación para o exercicio da función pública por sentencia firme.
- 5.- Non estar incorso en causas de incompatibilidades, de conformidade có disposto na la Lei 53/1984, del 26 de decembre, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.
- 6.- Estar inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia como persoas demandantes non ocupadas.
- 7.- Ter a categoría profesional necesaria para os postos a cubrir.

Todos os requisitos anteriores deberán terse no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes e manterse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato.

**5.b) Requisitos específicos.**- Ademais dos requisitos xerais mínimos esixidos, indicados no parágrafo inmediato anterior, consonte co previsto na Base 4.2 do Programa de Integración Laboral aprobado pola Deputación Provincial da Coruña, as persoas a contratar neste programa deberán atoparse en situación de desemprego na data de inicio do proceso selectivo e necesariamente incluídas nalgunha das seguintes situacions de exclusión laboral que se acreditará coa documentación que igualmente se indica:

Situación de exclusión	Documentación a achegar
Mulleres	
Maiores de 45 anos	Fotocopia do DNI
Persoas con discapacidade nun grao igual ou superior ao 33% oficialmente recoñecido	Fotocopia do certificado de minusvalía, debidamente actualizado, expedido polo órgano competente
Persoas en situación de drogodependencia	
Persoas que viven nun fogar onde ninguén teña emprego	
Persoas con fogar monoparental	
Persoas sen fogar	Informe dos Servizos Sociais Municipais
Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestiós socioculturais	
Persoas vítimas de violencia de xénero	
Parados de longa duración (mínimo 1 ano como demandantes de emprego)	Informe de vida laboral actualizado

## 6. - PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As solicitudes formalizaránse no modelo de instancia que se adxunta (Anexo I) e deberá xuntárselle a seguinte documentación:

1. Copia do DNI

2. Documentación acreditativa orixinal ou fotocopia da experiencia laboral, onde aparezca claramente reflectida a data do inicio e do remate da contratación, así como a categoría profesional (informe da vida laboral e copia dos contratos de traballo) e da formación, que deseñe achegar.

3. Xustificación documental na que quede debidamente acreditado o cumplimento dos requisitos xerais e específicos establecidos na base anterior.

4. Declaración xurada de cumplir cos requisitos desta convocatoria.

A presentación de solicitudes poderá facerse no Rexistro Xeral do Concello de Cedeira ou na forma determinada polo artigo 16.4 da Lei 39/2015, do Procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Neste caso, os aspirantes deberán comunicalo mediante telefax dentro do prazo de presentación de instancias (número de fax do concello: 981482506).

Se conforme a este precepto se presentan a través das oficinas de correos deberá, aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no Rexistro Xeral será a que se teña en conta a tódolos efectos.

O prazo de presentación de solicitudes será de CINCO (5) DÍAS HÁBILES, contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no BOP.

Coa presentación da instancia para participar no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

## 7.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Rematado o prazo de presentación de instancias, por Resolución de Alcaldía se aprobará a lista provisional de admitidos/as e excluído/as, que se publicará no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web municipal e outorgando un prazo de 2 días hábiles para correccións ou emenda de defectos.

De non existir persoas excluídas, aprobarase con carácter definitivo a lista de admitidos.

Transcorrido o prazo de reclamacións, deberá tomarse novo acordo estimándoas ou desestimándoas con publicación da lista definitiva no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web municipal.

Contra a Resolución, así como outras que resolen a subsanación de defectos ou omisión de inclusión poderán interponer os recursos previstos na Ley 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Poderá tamén interpoñer calquera outro recurso que estime pertinente en defensa dos seus intereses.

A presentación de reclamacións, no seu caso, non suspenderá o proceso selectivo, salvo que así o acorde a Alcaldía.

## 8.- COMISIÓN SELECCIONADORA.

A Comisión seleccionadora estará composta por un Presidente, un Secretario e tres Vogais, funcionarios de carrera ou persoal laboral fixo, nomeados por Resolución de Alcaldía de conformidade co artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público.

Poderase disponer a incorporación de asesores especialistas, para todas ou algunas das probas, que colaborarán co órganos de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas sen que sexan integrantes do mesmo, correspondéndolles o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros.

Todos os membros da Comisión Selecciónadora deberán posuir a titulación ou especialización igual ou superior á exigida para o acceso á praza convocada.

A Comisión non poderá constituirse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros. En todo caso, será precisa a asistencia do Presidente e do Secretario. Tódolos membros da Comisión Selecciónadora que se designe para xulgar as respectivas probas selectivas actuarán con voz e voto. As decisións da Comisión Selecciónadora adoptaranse por mayoría de votos dos membros presentes resolvendo, en caso de empate, o voto de calidade do seu Presidente.

A Comisión Selecciónadora estará facultada para a interpretación das presentes bases, así como para resolver as dúbidas que xurdan da súa aplicación e determinará a actuación procedente nos casos non previstos.

## 9. – PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN.

A selección realizarase de conformidade co previsto nas presentes bases, polo sistema de concurso-oposición e unha entrevista persoal, cos candidatos que no prazo establecido presentaran a súa documentación.

Os aspirantes convocaranse para a entrevista persoal en chamamento único, sendo excluídos os que non comparezan, agás nos casos debidamente xustificados e apreciados discrecionalmente polo tribunal.

Os aspirantes deberán acreditar a súa personalidade coa exhibición do documento nacional de identidade ou pasaporte.

O tribunal publicará todos os anuncios relativos ao proceso de selección no taboleiro de edictos e na páxina web do concello ([www.cedeira.gal](http://www.cedeira.gal)).

As puntuacións obtidas no concurso - oposición e na entrevista persoal así como o resultado final do proceso selectivo faranse públicas mediante a publicación da correspondente acta/anuncio da Comisión Selecciónadora no taboleiro de edictos e na páxina web do concello ([www.cedeira.gal](http://www.cedeira.gal)).

### 1.- FASE DE CONCURSO (Máximo de 6 puntos):

#### 1.1. Experiencia profesional (Ata un máximo de 3 puntos).

Por cada mes traballado na Administración pública ou empresa privada a xornada completa, realizando tarefas directamente relacionadas co posto de traballo ao que se opta, 0,1 puntos por mes e 0,05 puntos por mes cando sexa inferior a xornada completa, ata un máximo de 3 puntos.

A experiencia laboral para ser valorada deberá estar debidamente xustificada mediante copia ou orixinal dos contratos de traballo, e indicará de xeito claro o seu inicio e terminación así como a categoría profesional pola que fora contratado,

non valorándose aqueles contratos que non o xustifiquen debidamente. **Acompañarase necesariamente do informe de vida laboral.**

### **1.2. Formación (Ata un máximo de 3 puntos).**

1.2.1.- Pola participación en programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral, organizados ou financiados polas administracións públicas, con acabado favorable e contido relacionado coas tarefas a desenvolver no posto ofertado: valorarase con 1,5 puntos.

1.2.2.- Por cada curso ou módulo formativo onde se acredeite o nº total de horas directamente relacionado con actividades de obras e servizos municipais realizado por calquera organismo oficialmente homologado:

Cursos de máis de 300 horas: 0,70 puntos

Cursos entre 100 e 299 horas: 0,50 puntos.

Cursos entre 50 e 99 horas: 0,25 puntos.

Cursos entre 20 e 49 horas: 0,10 puntos.

Cursos de 10 a 19 horas: 0,05 puntos.

Aqueles cursos que non acrediten unha duración mínima de 10 horas descartaranse da puntuación.

Só se valorarán os cursos de formación, programas de capacitación e integración no mundo laboral ou módulos formativos anteriormente mencionados, realizados nos últimos 5 anos.

### **Coñecemento da lingua galega (apto ou non apto).**

Rematada a fase de concurso, o tribunal convocará aos aspirantes que non acrediten estar en posesión do nivel de coñecemento de galego requerido (CELGA 1 ou equivalente) a realización dunha proba obligatoria de competencia en lingua galega.

A proba determinara o tribunal inmediatamente antes da súa realización, será acorde coas características funcionais do posto e deberá demostrarse nela unha competencia similar á esixida para o CELGA 1.

Esta proba cualificará será cualificada como apta ou non apta e quedarán eliminados do proceso selectivo aquelas persoas que non acadan a cualificación de apto.

Para a realización desta proba, tomaranse as medidas de seguridade precisas en relación co Covid-19, debendo o aspirante presentarse co seu propio bolígrafo e mascarilla, debendo haber unha distancia mínima en todo momento entre os aspirantes de 2 metros.

## **2.- FASE DE OPOSICIÓN (máximo 12 puntos).**

### **2.1. Proba escrita de contido práctico (valorarase de 0 a 10 puntos).**

Valoraranse os coñecementos sobre ferramentas habituais do posto de traballo.

A duración desta proba práctica será de 15 minutos.

### **2.2. Entrevista persoal (máximo 2 puntos).**

Consistirá na realización dunha entrevista persoal na que serán obxecto de valoración os seguintes aspectos xerais:

-Traxectoria profesional

-Coñecemento do posto de traballo

-Actitude e aptitude para o desempeño do posto de traballo

-Competencia necesaria para desenvolver os cometidos e responsabilidades que lle sexan encomendados.

Será excluído quen non compareza nesta segunda fase.

Para a realización desta entrevista, tomaranse as medidas de seguridade precisas en relación co Covid-19, debendo o aspirante presentarse coa súa mascarilla, debendo haber unha distancia mínima en todo momento entre os aspirantes de 2 metros.

Os aspirantes disporán de TRES días hábiles, dende o día seguinte á publicación da valoración total final unha vez rematadas todas as fases da selección, para presentar alegacións e solicitar a súa revisión.

Unha vez revisadas as puntuacións e resoltas as reclamacións, no seu caso, o Tribunal fará pública a lista definitiva de valoración.

**10.- PROPOSTA DE APROBADOS**

Unha vez concluídas as cualificacións dentro do proceso de selección, o Tribunal publicará a relación dos aspirantes por orde decrecente da puntuación total final e elevará a correspondente proposta de nomeamento a favor de aqueles coas puntuacións más altas en función das prazas convocadas.

No caso de que algún aspirante non chegara a formalizar o contrato de traballo, o Tribunal formulará proposta a favor do seguinte aspirante aprobado, ata cubrir a praza por riguroso orde de puntuación total final.

De producirse empate na puntuación, a orde de desempate será a seguinte:

1. Puntuación obtida no apartado de formación
2. Puntuación obtida no apartado de experiencia profesional
3. Puntuación obtida na entrevista persoal

**11.- SUBSTITUCIÓNNS:**

Para o caso de que algúna das prazas contratadas ao abeiro desta convocatoria quedase definitivamente vacante por algúna circunstancia, así como para substitucións temporais con reserva de praza dentro deste servizo, o órgano competente desta Administración municipal poderá outorgar nomeamento de contratación a favor dos aspirantes que superaron tódalas fases deste proceso selectivo, de maneira consecutiva e por estricta orde correlativa de puntuación total final, do xeito en que figure na lista definitiva de aspirantes aprobados a que se fai referencia na base 8.<sup>a</sup>

**12.- PUBLICIDADE:**

No taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello e Sede Electrónica publicaranse as bases íntegras do proceso selectivo e os resultados do proceso de selección.

**13.- RÉXIME XURÍDICO APPLICABLE:**

No non previsto nestas Bases estarase ó dispuesto na Lei 7/1985, do 2 de abril; Real Decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril; Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público; Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia; Real Decreto 364/1995, do 10 de marzo; demáis lexislación laboral vixente que resulte de aplicación e, especialmente ao dispuesto no Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores, e no Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro, e demais lexislación concordante en materia laboral.

Cedeira, asinado dixitalmente o 06 de maio de 2022

O ALCALDE,

Asdo.: Pablo Diego Moreda Gil

## ANEXO I

## MODELO DE SOLICITUDE

D/Dona: \_\_\_\_\_ con DNI nº: \_\_\_\_\_

con enderezo \_\_\_\_\_

con C.P.: \_\_\_\_\_ Localidade: \_\_\_\_\_ Teléfono: \_\_\_\_\_

## EXPÓN:

Que tendo coñecemento da convocatoria publicada por este Concello para a contratación laboral temporal de 4 peóns.

Que reúne todas e cada unha das condicións esixidas nas bases da convocatoria.

A tal efecto acompaña a documentación esixida nas Bases reguladoras e comprométese a achegar os documentos acreditativos necesarios no suposto de resultar seleccionado.

Acompaña á presente (marcar cunha X):

- Copia do DNI  
 Tarxeta de demandante de emprego actualizada.  
 Documentación acreditativa esixida nas bases 5<sup>a</sup> e 6<sup>a</sup> das reguladoras deste proceso selectivo.

**Declara** atoparse incluído/a no/s seguinte/s dos apartados da base 5 das reguladoras da convocatoria, achegando coa presente a documentación acreditativa (marcar cunha X):

Situación de exclusión		Documentación a achegar
Mulleres		
Maiores de 45 anos		Fotocopia do DNI
Persoas con discapacidade nun grao igual ou superior ao 33% oficialmente recoñecido		Fotocopia do certificado de minusvalía, debidamente actualizado, expedido polo órgano competente
Persoas en situación de drogodependencia		
Persoas que viven nun fogar onde ningún teña emprego		
Persoas con fogar monoparental		
Persoas sen fogar		Informe dos Servizos Sociais Municipais
Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais		
Persoas vítimas de violencia de xénero		
Parados de longa duración (mínimo 1 ano como demandantes de emprego)		Informe de vida laboral actualizado

Polo exposto, **SOLICITA**:

Ser admitido/a no correspondente proceso selectivo referido.

**DECLARA** baixo xuramento:

- Non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que impida o desempeño das función ou tarefas correspondentes á praza a que se opta.

- Non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a legislación vixente.

- Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera Administración Pública, nin estar inhabilitado para o exercicio das función por sentencia firme.

Cedeira, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2022

Asinado: \_\_\_\_\_

**SR. ALCALDE DE CEDEIRA**

2022/2542